

CAROL WIDNEY GREIDER

Carol Greider naceu en 1961 en San Diego, California. A súa nai morreu cando ela tiña seis anos, feito que marcou a súa infancia. Rematou os estudos secundarios con baixas cualificacións debido á dislexia que padecía, mais conseguiu que a aceptaran na Universidade de California, onde se licenciou en Bioloxía en 1983.

Tras unha estada dun ano en Alemaña regresou a California cunha clara vocación: dedicarse a traballar como investigadora científica nun laboratorio. Preséntase a diferentes programas de concesión de bolsas para preparar o seu doutoramento e nunha destas xestións coñece a Elizabeth Blackburn, que traballaba cos telómeros e a telomerasa. Contaxiada polo entusiasmo de Blackburn, Carol decide inscribirse en Berkeley, cun obxectivo: identificar a enzima que cataliza a síntese dos telómeros.

No laboratorio, Greider e Blackburn traballaron arreo de xeito cooperativo, e lograron demostrar a existencia da enzima que buscaban, formulando unha metodoloxía que as levaría a purificar selectivamente dita enzima.

O descubrimento foi publicado en 1985. Greider e Blackburn propuñan que unha enzima, telomerasa, estaba implicada na adición das cortas secuencias do ADN necesarias para a replicación dos extremos dos cromosomas. Este descubrimento tivo un impacto enorme na comunidade científica e abriu a porta a novas investigacións en diferentes eidos: no campo de envellecemento, nalgunhas enfermidades hereditarias, na industria biotecnolóxica e, fundamentalmente, na terapia do cancro.

No ano 2009 Carol Greider, aquela nena que, con tenacidade, soubo plantarlle cara á dislexia, foi galardoada co Premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina, compartido, como non podía ser doutro xeito, coa súa mestra Elizabeth Blackburn, polo descubrimento de como os cromosomas son protexidos polos telómeros e a enzima telomerasa. Foi a primeira vez na historia da ciencia na que dúas mulleres compartiron un Nobel.

Santiago F. Rodríguez Méndez

1º Bacharelato B